



Ayuntamiento de Riós

ALDEA MODELO DE PEDROSO:





Ayuntamiento de Riós



Foxo dos lobos (Pedrosa)

Unha aldea modelo é un tipo de instrumento de recuperación da terra agraria que ten como obxectivo poñer en produción, de maneira sostible, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios.

Condições:

- As terras perimetrais da aldea deben estar na súa maioría nun estado de grave abandono, á vez que deben ter unha boa capacidade produtiva.
- É necesario o acordo das persoas propietarias dun mínimo do 70% da superficie.
- As persoas propietarias dos terreos comprométense a incorporalos ao Banco de terras por un período mínimo de 10 anos.



Ayuntamiento de Riós

Características:

- É un instrumento totalmente voluntario; se o propietario non quere participar, as súas terras quedan excluídas.
- Non se reestruturan as parcelas, é dicir, non se tocan os marcos.
- As parcelas son arrendadas ás persoas propietarias a través do Banco de terras, polo que estes conservan a súa titularidade.
- Préstase especial atención ao mantemento, conservación e recuperación das infraestruturas agrarias (valados e rede de camiños interiores).
- É unha actuación respectuosa e sostible, ligada fundamentalmente a producións tradicionais e preferiblemente ecolóxicas.
- Formarán parte dunha Rede de Aldeas Modelo para xerar sinerxias e compartir coñecementos.

Fundamento legal:

- Artigos 79 e seguintes da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Artigos 47.bis e 47.ter da Lei 6/2011 de mobilidade de terras.

No no 2022 coa axuda da Consellería de Medio Rural e Agader así como co traballo dos veciños/as deste pobo, creouse unha Aldea Modelo en Pedroso.

Esta Aldea Modelo ten como fin promocionar o rural e darlle unha alternativa ás persoas emprendedoras para que se asentem a vivir e creen o seu traballo neste lugar, así como manter vivas as tradicións e as culturas populares e asentamento de poboación no rural.

Durante os anos 2020/2021/2022 conseguíuse que parte dos veciños e veciñas do pobo de Pedroso se cederan terreos para poñelos en valor de maneira que o seu destino previsto sexa a explotación da gandeiría en extensivo, pero esta Aldea Modelo non só contempla a creación de actividades agrarias e forestais; por parte das administración da Xunta de Galicia establecéronse liñas de axudas para que as administracións locais poidan colaborar solicitando axudas mellorando os servizos públicos locais, no noso caso no ano 2022 promoveuse o acondicionando a Praza Pública da Aldea Modelo de Pedroso, o pobo tamén colaborou coa parte económica non subvencionada por AGADER.



Ayuntamiento de Riós

Por outra banda dende a Xunta de Galicia dende o ano 2022 convócanse numerosas axudas para primar ás iniciativas emprendedoras que buscan deslocalizar actividades de servizos e doutro tipo, polo que se estades interesado en vivir no rural estade atentos/as a estas convocatorias.

